



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CURTIS, PARA QUE DEA RESPOTA ÁS CUESTIÓNS QUE LLE DIRIXE A CIDADANÍA.

Expediente: T.11.Q/362/18

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

Sr. alcalde.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] referente ao silencio administrativo desa administración ante unha serie de solicitudes de información.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que se lle bloqueaba nas redes sociais, que non se lle daba resposta a unha serie de solicitudes dirixidas ao concello.

Ante iso requirimos informe a ese concello, que xa nola remitiu. Coa información aportada enténdese que:

PRIMEIRO. En relación ás peticións relativas á festa do cabalo e o bloqueo nas redes sociais, á vista dos datos achegados polo interesado e polo concello déuselle conta da resposta ás solicitudes, sen que sexan necesarias novas respostas, porque se lle facilitou toda a información que para estes asuntos dispoñía o concello.

En consecuencia, acórdase o arquivo definitivo deste expediente, no que se refire aos ditos puntos.

SEGUNDO. En relación ao resto dos asuntos indicados na queixa, o concello considerou que a información xa estaba a súa disposición na páxina web e no portal de transparencia do concello, e que non se fixo uso da ordenanza municipal en virtude de que é necesario pagar unha taxa para a expedición deste tipo de documentos administrativos.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

O artigo 24 da Lei de procedemento administrativo común, Lei 39/2015, do 1 de outubro, establece a obriga de resolver aínda nos casos nos que se producira silencio administrativo.

O artigo 13 desta Lei 39/2013, do 1 de outubro, entre os dereitos das persoas nas súas relacións coa administración indica que, o dereito de acceso á información pública farase de acordo co previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro. Lei que define a información pública como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que estean en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.”* Esta lei de transparencia igualmente establece que no caso de que a solicitude non identifique de xeito suficiente a información, se lle pedirá ao interesado que a concrete (artigo 19), e que se a información está xa publicada a resolución pode limitarse a indicar ao solicitante como pode acceder a ela (artigo 22). Igualmente, prevé nos artigos 18 e 19 as causas de rexeitamento para a información en curso de elaboración ou da que é titular outra institución. Á vista da información facilitada polo concello, a información está na páxina web ou implica a elaboración dun informe sometido a taxa administrativa.

É de ter en conta que o artigo 22 da Lei 19/2013, de 9 de decembro para a formalización do acceso, establece a gratuidade, salvo a específica normativa de taxas e prezos públicos, que segundo o concello é de aplicación á vista dos escritos, pero que non se lle notificou ao solicitante da información.

Neste caso, por requirir a solicitude a elaboración dun informe específico, é de aplicación o artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, que establece que os interesados nun procedemento teñen dereito a obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan ás solicitudes e actuacións que realicen, neste caso sería a información sobre o pago da taxa debido a necesidade de elaborar un informe específico sobre a roza da parcela pública alugada e a acción municipal en camiño privado que dá acceso a unhas a instalacións públicas ubicadas en parcela municipal.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte RECOMENDACIÓN:

Informar ao solicitante das URL concretas nas que pode atopar a información sobre os requisitos para autorizar as festas, e que inclúen as autorizacións de tráfico, e a información sobre a oficina do DNI. Recoméndase formalizar o acceso preferentemente por vía electrónica tal como establece o artigo 22 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En todo o resto da información, que non está publicada na páxina web, e por requirir a emisión dun informe específico, se lle facilitará información sobre a taxa específica que debe satisfacer antes de realizar o dito informe.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con

especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo